

EXPT.- 5345/2018

Título.- PRÓRROGA DO ORZAMENTO 2018 PARA O EXERCICIO 2019

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Considerando a imposibilidade de cumprimentar antes de 31 de decembro do presente exercicio a totalidade dos trámites legalmente establecidos para que o próximo exercicio 2019 o Orzamento Xeral entre en vigor o 1 de xaneiro de 2019.

Visto o informe de Intervención de data 28/12/2018, sobre a prórroga para o ano 2019 do Orzamento municipal actualmente en vigor.

De conformidade co establecido nos artigos 169.6 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 21.4, segundo parágrafo, do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril,

RESOLVO

PRIMEIRO. Proceder á prórroga para o ano 2019 do Orzamento municipal 2018, cos seguintes axustes á baixa:

| Aplicación Orzamentaria | Crédito inicial | Baixa | Crédito prorrogable |
|---|-----------------|--------------|---------------------|
| 1532,619,08 Mellora da capa de rodadura de camiños e viais municipais. Plan Concellos 2018 | 190.642,76 € | 190.642,76 € | 0,00 € |
| 165,633,08 Renovación das instalacións de alumeado público exterior. Plan Concellos 2018 | 91.137,18 € | 91.137,18 € | 0,00 € |
| 312,632,08 Melloras no Centro de Saúde. Plan Concellos 2018 | 50.000,00 € | 50.000,00 € | 0,00 € |
| 333,640,08 Proxecto museolóxico e museográfico Ramón Cabanillas. Plan Concellos 2018 | 49.849,78 € | 49.849,78 € | 0,00 € |
| 342,632,08 Mellora das pistas de tenis de O Pombal. Plan Concellos 2018 | 44.725,83 € | 44.725,83 € | 0,00 € |
| 4312,632,08 Remodelación Praza de Abastos e Lonxa Vella. Plan Concellos 2018 | 218.680,00 € | 218.680,00 € | 0,00 € |
| TOTAL BAIXAS | | 645.035,55 € | 0,00 € |

Sendo o Orzamento de ingresos prorrogado de 9.480.259,60 € euros e o Orzamento de gastos prorrogado de 8.835.224,05 euros.

SEGUNDO. Dar conta da presente Resolución ao Pleno na próxima sesión que celebre.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE